

Os 40 Principais

Paulina Rubio, rosas e xoguetes



1. "Ni rosas ni juguetes" (Paulina Rubio) – 44 p.

A cantante mexicana volve ás listas dos cantantes máis votados coa súa nova canción "Ni rosas ni juguetes" e elévase até o primeiro posto da nosa lista. De novo a canción latina trunfa entre os nosos rapaces. Non é inmerecido este éxito de Paulina, pois non esquezamos que a cantante leva preparándose no mundo da música e da danza dende os catro anos de idade. Despois de cantar no grupo *Timbiriche*, no ano 1991 deixou a formación para iniciar o seu camiño como cantante solista, un camiño que lle vén deparando éxito tras éxito, até superar a increíble cifra de 20 millóns de discos vendidos. Paulina forma parte dese selecto grupo de cantantes latinoamericanas que están obtendo nos últimos anos éxito tras éxito no mundo da música, xunto a outras como Shakira, Thalía, Marcela Morelo, etc. A música en español segue na primeira liña dos éxitos.



2. "Rusean Rolette" (Rihanna) – 31 puntos.

Ós seus 22 anos, esta cantante natural das Illas Barbados está acostumándose a ocupar sempre os primeiros postos das listas de éxitos musicais. Despois da súa canción "Umbrella", que liderou as nosas listas de anteriores revistas, agora case obtén o primeiro posto con "Rusean Rolette", quedándose só a 13 puntos do primeiro posto de Paulina Rubio. Na súa música mestúranse varios estilos, unha simbiose do Rhythm & Blues e a música caribeña, xunto co estilo reggae inicial e, incluso, outras tendencias, como o hip hop. O que está claro é que Rihanna gústalle á xente nova e no noso Instituto non podía ser menos. Varias veces vén xa ocupando os primeiros postos das nosas listas musicais.



3. "Happy" (Leona Lewis) – 22 puntos.

Leona Lewis foi a gañadora da Terceira Edición do concurso musical *Factor X* no Reino Unido. Nacida en Londres, a súa incomparable voz foi comparada coa de Mariah Carey o Whitney Houston. O seu rexistro de voz coincide co de soprano, acadando niveis moi difíciles de sonoridade. As súas cancións, dende que entrou no grupo das artistas consagradas, están a ocupar os primeiros postos das listas musicais. Neste Número 31 de Xornalouro acadou, como vemos, o terceiro posto dos nosos *40 Principais* coa súa canción *Happy*. Seguro que Leona está tamén moi *happy*, moi feliz, despois de levar tan ben adiante a súa afección como cantante. Hoxe en día a súa é unha das mellores voces do panorama mundial.



4. "Esclavo de tus besos" (David Bisbal) – 21 puntos.

Despois do seu tremendo éxito na Primeira Edición de *Operación Triunfo*, o cantante de Almería escalou os máis altos postos do panorama musical, tanto en España como en Iberoamérica, obtendo nestes últimos anos 30 discos de platino, 15 de ouro e 2 de diamante. A mestura de música latina e música pop, de baladas e cancións movidas, permítenlle trunfar entre públicos diversos. Por outra banda, a simpatía de que fai gala constantemente o cantante permítenlle acadar unha gran popularidade. Agora trunfa con *Esclavo de tus besos*, pero o máis probable é que siga trunfando ano tras ano, canción tras canción, porque reúne todos os elementos para ser un cantante de éxito, de moito éxito, como o vén demostrando.




5. "Bad romance" (Lady Gaga).

Seguen os éxitos desta cantante polémica e rompedora, que destrúe estereotipos e fai unha música movida e simpática. Se algo caracteriza a Lady Gaga é que nunca pasa desapercibida, que sempre chama a atención. Esa é a súa técnica para trunfar no mundo da música.



6. "Llueve por dentro" (Luis Fonsi).

Cantante e compositor portorriqueño de pop latino, Luis Fonsi ocupa neste Número 31 de Xornalouro o sexto posto da nosa lista. Se observamos os 10 primeiros postos dos nosos *40 Principais*, notaremos que a música latina ocupa a maior parte das preferencias dos nosos rapaces.



7. "Se me va la voz" (Alejandro Fernández).

Aínda que o título da súa canción indícanos que se lle vai a voz, o certo é que a voz non se lle vai ó mexicano Alejandro Fernández. Xa leva anos colleitando éxitos, continuando coa traxectoria do seu pai, o mítico cantante Vicente Fernández. A música neste caso é cousa de familia.



8. "Que nadie" (Malú).

Despois do seu primeiro disco *Aprendiz*, a sobriña do guitarrista Paco de Lucía vén trunfando vez tras vez coa súa voz desgarrada e potente. Agora tócalle ó tema "Que nadie", que figura no posto 8 da nosa lista. E a seguir, que Malú aínda ten corda para rato.



9. "Nada se compara a ti" (Carlos Baute).

O cantante e bailarín venezolano Carlos Baute está firmemente asentado xa en España, onde traballa tanto no panorama musical como no televisivo. Frecuente nos programas do corazón, tamén se mantén ano tras ano nos postos máis altos das listas de éxitos musicais.



10. "Lo hecho está hecho" (Shakira).

Aínda que tal vez a súa canción actual máis coñecida é *La loba*, que figura no posto 11 da nosa lista, nesta ocasión temos a Shakira no posto 10 co seu tema *Lo hecho está hecho*. Porque esta cantante colombiana non trunfa só cun tema, senón cunha chea deles.

11. "Loba" (Shakira).
12. "Meet me half way" (Black Eyes Peas).
13. "Ago Technology" (Milow).
14. "Sand i ton" (Selena, Demi, Mifa).
15. "Hot" (Inna).
16. "Quiero aprender de ti" (El Canto del Loco).
17. "Mariah" (Juan Magan).
18. "Mooving" (Macaco).
19. "Soy un tsunami" (Karmele Marchante).
20. "I gooter feeling" (Black Eyes Pies).
21. "I just can't stop loving you" (Michael Jackson)
22. "Abrázame" (Camila).
23. "Tú no eres para mí" (Fanny Lu).
24. "No" (El Canto del Loco).
25. "Te regalo amores" ((Rakim y Ken).

26. "Cada día" (Tamara).
27. "Mi carro" (Manolo Escobar).
28. "Gasolina" (Las Divinas).
29. "Sabes" (Resk).
30. "New divide" (Linkin Park).
31. "Que me queda" (Antonio Orozco).
32. "Antes de que cuente diez (Fito y Fitipaldis).
33. "Anoche soñé contigo" (Wisin y Yandel).
34. "Love" (Inna).
35. "Que tanto duele" (Jadiel).
36. "A puro dolor" (Ángel López).
37. "No soy como tú" (Amaral).
38. "Arroyito" (Fonseca).
39. "We weren't born" (Bon Jovi).
40. "Circus" (Britney Spears).

Segue a preferencia polo mundo de ultratumba "Luna nueva", mellor película



1. "Luna nueva" – 122 puntos.

Seguen os vampiros e os lobishomes reinando nas preferencias cinematográficas dos alumnos do noso Instituto. Nesta ocasión a tan admirada *Crepúsculo* deixa o primeiro posto da nosa lista á súa continuación, *Luna Nueva*, no que o mundo de ultratumba segue sendo líder. Moito nos tememos que a cousa continúe, posto que esta temática aínda vai ter novas entregas que, con toda seguridade, seguirán gozando dunha boa cantidade de votos entre os nosos rapaces. Ala!, a seguir disfrutando cos seres das sombras.



2. "Avatar" – 89 puntos.

Se *Avatar* non é unha película de seres de ultratumba, o que non podemos negar é que neste filme a fantasía desborda por todas partes. Película romántica, fantástica, con admirables efectos especiais e unha fotografía incrivelmente fermosa, *Avatar* vén de bater todos os records de recadación no mundo enteiro, aínda que na nosa lista tívose que conformar, que non é pouco, con ocupar o segundo posto.



3. "Crepúsculo" – 55 puntos.

A pesar de que a saga de vampiros continúa con novas entregas (*Luna Nueva* é xa líder da nosa lista), a primeira película *Crepúsculo* segue sendo das preferidas dos nosos rapaces. Debe ser que nos gustan os amores imposibles, aqueles amores que nacen entre seres aparentemente incompatibles, que teñen que loitar con forza contra o destino adverso. Nas dúas revistas de Xornalouro que publicamos neste curso *Crepúsculo* ocupou os postos 1 e 3, o que nos indica que neste Curso 2009-2010 foi, tal vez, a película con máis éxito entre a xuventude do Val.



4. "Titanic" – 43 puntos.

Non hai quen consiga acabar coa maxia deste película de James Cameron (Director que, non o esquezamos, consegue o segundo e o terceiro posto da nosa lista cinematográfica). A fermosa historia de amor naquel mítico barco de principios do século XX, xunto co afundimento histórico do mesmo, crean unha trama atractiva e intemporal. Pasarán os anos e *Titanic* seguirá sendo un dos filmes históricos do cine mundial, e tamén da nosa lista en Xornalouro.



5. "Alvin y las ardillas 2" – 22 puntos.

As películas de animación tampouco son desprezadas polos alumnos do noso Instituto, sobre todo cando desbordan simpatía. As novas técnicas utilizadas en cine de animación permítenos obter unhas imaxes admirables e atractivas, que case semellan repetir a realidade. No caso de *Alvin y las ardillas*, igual que con outros filmes de éxito, as segundas e terceiras partes suceden-se sen cesar. Non estamos libres de que, tamén neste caso, a saga continúe durante moito tempo.

6. "Soy leyenda".
7. "Spanish movie".
8. "Street Dance".
9. "Ágora".
10. "A todo gas 4".
11. "2012".
12. "Patch Adams".
13. "Ángeles y demonios".

14. "Lío embarazoso".
15. "Wanted".
16. "Cueste lo que cueste".
17. "Piratas del Caribe 3".
18. "Ghost Rider".
19. "El orfanato".
20. "A todo gas".
21. "Celda 211".

E segue... E segue...

Física o Química, 1ª por cuarta vez

Por Iria Braña



1. "Física o Química" (Antena 3) – 152 puntos.

Unha vez máis, é esta entretida serie de Antena 3 a que ocupa os primeiros postos na nosa enquisa do Xornalouro. Hai que admitir que esta cuarta temporada gustou moito a todos os alumnos do noso Instituto. Xa fose polo divertida que é a serie ou porque está chea de encontros, música ou, simplemente, accións que se corresponden coas dos alumnos do IES Alfoz-Valadouro. Se a cuarta temporada arrasou, a quinta xa o está facendo, pois hai personaxes novos e ata un tema da serie novo. Vainos encantar!



2. "El internado" (Ant. 3) – 114 puntos.

Con case o mesmo éxito está *El Internado*. Esta última temporada parece que gustou moito, sobre todo porque se pensaba que ía ser a última, que ía rematar despois de anos de emisión, pero non. Seguro que foi iso o que nos mantivo 'enganchados' a ela tanto tempo. De todos modos, xa non é a primeira vez que esta serie de Antena 3 ocupa un posto privilegiado entre as series máis destacadas.



3. "Los protegidos" (Ant. 3) – 85 puntos.

Unha vez máis, é unha serie de Antena 3 a que ocupa un dos mellores postos no Xornalouro. Pero esta vez é algo novo e distinto. Nunca antes se emitira esta serie e, aínda que é a primeira temporada, encantou! Trata dos poderes paranormais, dos poderes ocultos que temos os seres humanos, nunca demostrados, pero posibles. O misterio sempre atrae e esta é unha serie totalmente nova e misteriosa!



4. "Los Simpson" (Antena 3) – 36 puntos.

Isto si que foi unha verdadeira sorpresa. *Os Simpsons*, unha serie de máis de vinte anos, segue gustando e ocupa o fantástico cuarto posto do Xornalouro. Non sei que teñen as series de Antena 3 neste número, pero son infalibles. Esta serie, sexa como sexa, gusta. Será pola loucura de Homer, pola responsabilidade de Marge, polos actos pillos de Bart, porque Lisa é moi estudiosa ou porque Maggie nunca medra? Non o sabemos, o que sabemos é que os Simpsons son moi divertidos.



5. "Fama y a bailar!" (Cuatro) – 29 puntos.

O quinto posto da nosa lista ocúpao unha serie de concurso, na que os participantes teñen que demostrar as súas calidades bailando. Cando a música anda polo medio, o éxito está case asegurado, porque á xente nova a música gústalle moito. Ademais, ó feito de que haxa música e baile únese o feito de que o programa é un concurso, o que lle engade unha certa dose de emoción. E ademais promete a fama ós participantes, o que tamén atrae.

6. "House".
7. "Padre de familia".
8. "Coidado con Anxo".
9. "Águila roja".
10. "Patito feo".
11. "90-60-90".
12. "Los hombres de Paco".
13. "Padres".
14. "Sálvame".

15. "Hospital Central".
16. "La hora de José Mota".
17. "El hormiguero".
18. "Gran Hermano".
19. "Fear factor".
20. "Sin tetas no hay paraíso".
21. "Luar".
22. "South Park".
23. "Al diablo con los guapos".